

## Folga de 24 horas no sector de telemárquetin



O venres 17 de marzo, os 90.000 teleoperadores e teleoperadoras de todo o estado están chamados a unha nova xornada de folga en protesta pola falta de avances na negociación do convenio colectivo que regula o sector de contact center (telemárquetin) e que leva máis de dous anos en proceso de negociación.

Para a **CGT** é imprescindible a eliminación do artigo 17 do devandito convenio pola súa flagrante ilegalidade, a incorporación da subrogación obrigatoria dos traballadores no cambio de empresa contratista contemplado no artigo 18 e unha recuperación do poder adquisitivo perdido tanto mediante unha subida salarial digna, como mediante a extensión das xornadas a tempo completo, que a día de hoxe xa son sumamente excepcionais nas novas contratacións do sector.

Con motivo desta mobilización, a **CGT** ten convocadas os seguintes actos:

**Pontevedra:** concentración de solidariedade ante a oficina principal de Movistar, entre as 19:30 e as 20:15, na rúa Rosalía de Castro, 6.

**Vigo:** concentración ante a empresa Unisono (rúa Gran Vía, 114), entre as 11:00 e as 13:00 horas.

**A Coruña:** performance-representación no Obelisco, ás 12:00 horas.

**CGT** de Galicia